# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP MANUEL FRAGA IRIBARNE
CURSO: 6ºA
MATERIA:LINGUA GALEGA
DEPARTAMENTO:
DATA:10-09-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**ÍNDICE**

**1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

**2. Avaliación e cualificación.**

**3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles | |
|---|---|
| **Criterio de avaliación** | **Estándar de aprendizaxe** |
| Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis) e realizar inferencias determinando intencións e dobres sentidos. | Comprende a información relevante de textos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás.<br>Identifica as ideas principais e secundarias dun texto (narrativo, descritivo e expositivo).<br>Fai unha lectura rápida, selectiva ou integral en función das necesidades de cada momento.<br>Busca, localiza e selecciona información |
| Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, implcita e funcionalmente, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua. | Diferencia as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas. |
| Ampliar o vocabulario a partir do uso do dicionario e do traballo e reflexión sobre as palabras que conforman a lingua. | Usa axeitadamente o dicionario para buscar calquera palabra, seleccionando a acepción precisa segundo cada contexto.<br>Recoñece e usa sinónimos, antónimos, homónimos, palabras polisémicas de uso frecuente, frases feitas, siglas e abreviaturas. |
| Coñecer e aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular, apreciando o seu valor social e a necesidade de cinguirse<br>a elas. | Aplica xeralmente as normas de acentuación xerais e de acentuación diacrítica e aprecia o seu valor social e a necesidade de cinguirse a elas. |
| Analizar as características dos diferentes xéneros e as figuras literarias, así como temas e tópicos recorrentes. | Recoñece as características fundamentais dos diferentes xéneros literarios: narrativa, poesía e teatro.<br>Distingue algúns recursos retóricos e métricos propios dos poemas.<br>Identifica temas e tópicos recorrentes na literatura. |

| | |
|---|---|
| Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, implícita e funcionalmente, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua. | Recoñece as diferentes categorías gramaticais pola súa función na lingua: substantivo, artigo, pronome, adxectivo, adverbio, verbo, preposición, conxunción e interxección. |
| Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, implícita e funcionalmente, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua. | Recoñece as diferentes categorías gramaticais pola súa función na lingua: substantivo, artigo, pronome, adxectivo, adverbio, verbo, preposición, conxunción e interxección. |
| Ampliar o vocabulario a partir do uso do dicionario e do traballo e reflexión sobre as palabras que conforman a lingua. | Recoñece e crea palabras derivadas (prefixación e sufixación) e compostas. |
| Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como unha sintaxe adecuada nas producións orais e escritas. | Emprega con correccións os signos de puntuación. |
| Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal. | Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal. |
| Coñecer e aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular, apreciando o seu valor social e a necesidade de cinguirse a elas. | Aplica xeralmente as normas de acentuación xerais e de acentuación diacrítica e aprecia o seu valor social e a necesidade de cinguirse a elas. |
| Escoitar, memorizar, reproducir e valorar textos procedentes da literatura popular galega e da literatura galega en xeral. | Escoita, memoriza e reproduce textos procedentes da literatura popular oral galega (refráns, adiviñas, lendas, contos, poemas, conxuros, cancións, ditos, romances, cantigas) e da literatura galega en xeral.<br>Valora os textos da literatura galega (oral ou non) como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal. |

| 2. Avaliación e cualificación | |
|---|---|
| **Avaliación** | Procedementos:<br>Os procedementos de avaliación adecúanse ás adaptacións metodolóxicas realizadas durante o terceiro trimestre do curso 2019-2020- Non obstante, dáselle prioridade á avaliación, atendendo ao seu carácter continuo e global, diagnóstico e formativo, a partir das avaliacións anteriores e as actividades desenvolvidas durante este período, sempre que iso favoreza ao alumno ou á alumna. En ningún caso, o alumnado se verá prexudicado polas dificultades derivadas do cambio de metodoloxía a distancia do terceiro trimestre.<br>Poderanse realizar actividades de avaliación do terceiro trimestre, que só terán carácter diagnóstico, a través da plataforma Edixgal.<br>Co alumnado con ACI seguiremos os mesmos procedementos de avaliación. |
| | Instrumentos:<br>-Observación e rexistro de participación na plataforma Edixgal.<br>-Realización de tarefas a través da plataforma Edixgal.<br>-Observación e rexistro da forma de participación na plataforma Edixgal e nas vídeo conferencias diarias a través de webex.<br>-Probas específicas solicitadas para beneficiar ao alumnado. |
| **Cualificación final** | Indicar o procedimiento para obtener a cualificación final de curso:<br>A avaliación das actividades realizadas nesta fase no presencial só terá valor positivo para a cualificación do alumnado, en ningún caso poderá ser inferior á 2ª avaliación.<br>A cualificación final realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres así como as actividades de recuperación, repaso, reforzo e ampliación das aprendizaxes anteriores que se desenvolvan durante o terceiro trimestre sempre e cando se beneficie ao alumnado.<br>Esta cualificación final para unha situación persoal sen dificultades será a da 2ª avaliación podendo incrementarse ata 1,5 puntos como máximo dita cualificación, para o que teremos en conta diferentes criterios como poden ser:<br>-Realización das tarefas diarias ( tendo en conta tanto a calidade como o cumprimento dos prazos establecidos para realizalas e presentalas na plataforma indicada)<br>-Conexión na plataforma Edixgal nas áreas establecidas diariamente.<br>-Participación nas vídeo conferencias diarias.<br>Conexión con tempo á aula de webex para ter o material necesario, comprobar audio e vídeo,...<br>Participación en tempo e forma nas vídeo conferencias diarias ( puntualidade, actitudes non disruptivas, actitude positiva ante o traballo...)<br>Utilización adecuada do chat da vídeo conferencia.<br>As dificultades técnicas e de conectividade, nunca afectarán negativamente |

| | |
|---|---|
| | a o alumnado. |
| **Proba extraordinaria de setembro** | |
| **Avaliación de materia pendentes** | Criterios de avaliación:<br>Para o alumnado que non adquirise as aprendizaxes e competencias imprescindibles nos dous primeiros trimestres do curso, propóñense actividades de reforzo e recuperación que lles axuden a adquirilas e superar a materia, co obxectivo de que o alumnado mellore a cualificación.<br>Seguiremos os criterios establecidos para o curso de 6º de primaria. |
| | Criterios de cualificación:<br>-Realización das tarefas diarias ( tendo en conta tanto a calidade como o cumprimento dos prazos establecidos para realizalas e presentalas na plataforma indicada)<br>-Conexión na plataforma Edixgal nas áreas establecidas diariamente.<br>-Participación nas vídeo conferencias diarias.<br>Conexión con tempo á aula de webex para ter o material necesario, comprobar audio e vídeo,...<br>Participación en tempo e forma nas vídeo conferencias diarias ( puntualidade, actitudes non disruptivas, actitude positiva ante o traballo...)<br>Utilización adecuada do chat da vídeo conferencia.<br>As dificultades técnicas e de conectividade, nunca afectarán negativamente a o alumnado. |
| | Procedementos e instrumentos de avaliación:<br>-Observación e rexistro de participación na plataforma Edixgal.<br>-Realización de tarefas a través da plataforma Edixgal.<br>-Observación e rexistro da forma de participación na plataforma Edixgal e nas vídeo conferencias diarias a través de webex.<br>-Probas específicas solicitadas para beneficiar ao alumnado. |

| 3. Metodoloxía e actividades do 3° trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|---|
| **Actividades** | Actividades de repaso e recuperación dos contidos desenvolvidos durante o 1º e 2º trimestre.<br>Pequenas investigacións de ampliación dos contidos traballados. |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):** | As estratexias didácticas pretenden planificar e promover situacións nas que os alumnos/as organicen as súas experiencias, estruturen as súas ideas e expresen os seus pensamentos .<br>Seleccionaremos aqueles contidos que sexan máis relevantes para acadar as competencias. Unha das competencias nas que facemos máis fincapé é na de aprender a aprender, que os nosos alumnos/as se vaian facendo aprendices autónomos, independentes e autorregulados de acordo á súa idade . |
| **Materiais e recursos** | A través da plataforma Edixgal.<br>Vídeo conferencias a través da plataforma Webex.<br>Enlaces, recursos online (Wikipedia, vídeos, xogos...) |

| 4. Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado.<br>Co alumnado temos contacto continuo e diario a través da plataforma Edixgal e vídeo conferencias.<br>Coas familias a través da web do centro , comunicación telefónica (teléfono particular) e APP AbalarMóbil. |
| **Publicidade** | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |